

Manuel María está en pé e dille versos á friaxe

Xabier Cordal

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CORDAL, XABIER (2011 [2004]). “Manuel María está en pé e dille versos á friaxe”. <<http://vello.vieiros.com/opinion/opinion.php?id=38311&Ed=1>>. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1229>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CORDAL, XABIER (2004). “Manuel María está en pé e dille versos á friaxe”. <<http://vello.vieiros.com/opinion/opinion.php?id=38311&Ed=1>>. Consulta: dd/mm/aaaa.

* Edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 30 de setembro de 2011 a partir do URL indicado. Consulta: 26/09/2011.

MANUEL MARÍA ESTÁ EN PÉ E DILLE VERSOS Á FRIAXE

Xabier Cordal

“E a morte non terá señorío”, mal traduzo desde a memoria un poeta que tamén oía crecer a herba. Ou, mellor, en versión orixinal: “Non canta na Chá ninguén”, o primeiro verso que aprendín de Manuel María, sen saber daquela quen era Manuel María. E que puiden oír cantar de novo máis de vinte anos despois, disimulando a emoción, a Mini e a Mero, nunha humilde festa escolar.

Corrían as nubes polo espello da Chaira o último ano do século e as miñas alumnas, os meus alumnos, viron por fin un poeta vivo. Vírono semanas máis tarde de lelo na aula, afeitos a que os poetas ecoasen soterrados en capa dura, moi lonxe. Falamos de ríos, das canles antigas no ceo, da nación de río da nosa aldea que nunca soubéramos nomear. Cagámonos a coro na outra nación que ignora os seus poetas e que como moito filma a súa estela na cerimonia fúnebre.

Vírono vivo e agora poderán lelo vivo sempre. Manuel María, pedra basilar da cultura galega dos últimos cincuenta anos, atendeu con paciencia infinita as preguntas obvias dos nenos no despacho da directora, asinou torres de exemplares que parecían non dar rematado, pediulle prórroga a Saleta porque había que ir comer, negouse sen éxito a aceptar compensación ningunha (“mercade libros para a Biblioteca do Instituto”, dicía) e regalounos a súa conversa aínda moitas horas. Ao día seguinte dese vinteún de marzo, porta da primavera, naceulle o rapaz a un profesor de Lingua que tivo o honor de estar alí.

Unha das sortes que cadran nos países colonizados tocáranlle a Rosario e a Patricia, a todas as que dixeron, dentro da mirada do autor, versos trémulos coma regatos. Resultou que un home convertido en símbolo consentira a cativa homenaxe dun Instituto pequeno. Soubemos que nada cambiara para aquela elegante figura que cargaba coa inmensidade da súa obra. Noutra terra con Estado propio, Manuel María habería de soportar Universidades, televisións e políticos disputándose os anos derradeiros do poeta. Nesta, a última honra que lembro foi ao lado dun carromato. Éramos poucas ducias en pé fronte aos xulgados de Lugo e xunto a tres obreiros da CIG que aínda seguen procesados por exerceren o dereito de folga. O poeta recitou, xa enfermo, desprezou o frío e deixounos a certeza de que unha multitude resistía alí. Desa xenerosidade que non coñece punto final están feitas e as chairas e a palabra sobrevive á morte.